

QUEN SON EU

Cun compás inaudible e estrañamente perfecto, a Terra da paso a un novo día. Coma se dun ritual se tratase, pola noite vai alumeando todas e cada unha das estrelas e colga a resplandecente lúa no ceo para que despois, só durante unhas horas, o Sol nos obsequie coa súa presenza, abríndonos os ollos ao inevitable e iluminando todos os sendeiros. Eses que a cada paso que damos se nos presentan, mais nunca seremos capaces de chegar a ver. E día tras día segue, sen cesar. Non importa o que ocorra ao noso redor. Levántense os homes en pé de guerra, esixindo novas terras ou posesións, ou caian, sumidos na desgraza, na derrota; a Terra seguirá coa súa nobre misión, pois a natureza é o único que continua, que perdura.

E eu, simplemente déixome levar por ela. Escalo as montañas, percorro os profundos vales, deslízome polos ríos, seguindo cada unha das súas curvas e subo ata máis alá das nubes. Ningunha néboa me confunde, ningunha tormenta me arrastra, nin as marexadas me abaten.

Hei de recoñecer que, cando pecho os ollos, soio buscar o mar. Si, ese inmenso xigante azul, que brilla coa forza das estrelas e soa á máis fermosa das cancións. Ese que ten un carácter indomable e que, en xiros e remuíños incomprensibles, sube e baixa ao seu antoxo. Cando está moi airado, fai que as súas bágoas azuis se derramen dende o ceo, e que os seus berros soen en forma de tronos e lóstregos. E entón os homes, mesmo os mariñeiros, asústanse del. Teñen medo do xigante, pois saben que nin sequera os seus barcos poderán aplacar a súa furia. É tan inmenso que ninguén, nin eu, sabe onde remata e onde empeza. Pero todos saben unha cousa: o mar non ten dono.

E así, eu trato de buscar esa brisa do verán que chega cargada de olor a sal, que me recorda, coma se dun compás se tratara, o camiño que debo seguir para chegar a bó porto. E nunca, nunca, me perdo.

Pero eu, ao contrario que os homes, podo liberarme das ataduras, das obrigacións e das preocupacións, porque sei, que ao lado da maxestuosidade desa terra que habitan, estas quédanse en nada. Mentres que eles sempre volven ás súas esixencias, e aos seus axetrados “por ques” e “candos”.

Coñezo moi ben aos homes. Levo demasiado tempo xunto a eles. Arrancando cada resto da vida que pobo a Terra, o home considérase con dereito a impartir dor, e morte. Nunca é capaz de recordar, na súa asfixia por controlar o

mundo, que incluso antes da súa chegada á Terra xa existía harmonía no universo. Non, o ser humano non trouxo con el a grandeza, senón que brindou a este lugar que pode permitirse chamar fogar, a destrución.

E, chegados a este punto da miña vida, cheguei a acertar que é a destrución a que move a vida: a que da corda ás agullas dese reloxo que, nun compás tan rítmico como incansable, nunca se detén. Os homes adoran a destrución, porque non aprecian a vida, e só buscan o poder que esta lles pode chegar a conferir. Así, cando o teñen todo, destrúeno a cambio de máis, coma se só a morte diso que algún día quixeron, puidera pagalo.

E eles, son tan necios que se enchen de orgullo e de palabras de grandiosidade ao afirmar, nunha errada certeza, que controlan a natureza. Non, a natureza é inabrangable. Poden conquistala, pero nunca poderán chegar a comprendela.

Conquistan os altos cumes e cruzan os vastos océanos en busca de novas terras que o seu horizonte nunca contemplara, pero... Quen son eles ao lado das bravas mareas que nos traen ondas que se elevan ata o ceo, dos coloridos camiños que tras a choiva se abren paso entre as nubes nun arco sen fin ou mesmo dese infinito universo que habitan e do que saben tan pouco?

Eu só sei que eles xa nunca me coidan, e que se olvidaron de min. E tampouco vexo a felicidade nos seus ollos, cando o horizonte divisado ao fondo do meu querido mar azul é só de cor gris, ou cando as delicadas flores que un día foron esparcidas polo campo como diminutas gotas de auga, semellan mustias e sen vida. E, xa sexa na Mariña Lucense, nas Rías Baixas ou na Costa da Morte, xa nunca sorrín ao contemplar o ceo, pois todo o que algún día puideron disfrutar, vaise entre fumaredas negras e máquinas ruidosas, entre o lixo e, o peor de todos, mesmo entre as brasas ardentes do lume.

E eu só sei que, como sempre, a natureza seguirá xirando, e eu deslizareime ao seu compás entre as brisas do verán, as correntes xélicas do inverno, buscando a terra na que din que se acaba o mundo, os violentos acantilados sobre os que baten as ondas con ferocidade, as verdes fragas nas que un pode perderse (e tamén atoparse) e as rías que conducen aos sendeiros máis fermosos que un pode atopar.

Pero quen son eu?

Eu o son todo, máis ás veces non semello nada.
Son esa terra por moitos olvidada,
coñecida como Galicia,
que outros tantos teñen o privilexio
de poder chamar fogar.